

A Sereia Maruxaina

Na Mariña de Lugo en San Cibrao, celébranse unhas festas no mes de Agosto que relembra a Lenda da Sereia Maruxaina.

Perxive, na mente das xentes daquela vila mariñeira, a lenda daquela ninfa que desde o mar atrae cos seus cantos e os seus encantos ós mariñeiros para que despois naufraguen. Embobados por un espellismo, por unha ilusión óptica que os hipnotiza e enfeitiza, van caendo, hoxe uns, mañá outros.

Mentres ela ri gargallada e compracida por aquel desexo que castiga a todo o pobo.

Mais nunha ocasión e despois de reparar nos desgracias acaecidos e nas manifestacións dos poucos que puideron



contalo, puxéronse de acordo para buscar unha solución.

Para non caer nas trampas da serea nin sentir
sequera as músicas engaioladoras nin as melodías
de namoro que lles interpretaba, fixeron saar todos
xuntos unhas cornas.

Así mesmo para non caer fascinados polos seus
encantos acordaron ir de noite. No polo apagaron
todas as luces, velas e lámpadas e saíron à procura
da serea. Esta empregou de tantos recursos e
feitizos coñecía, pero de nada lle valeron.

De volta e xa capturada puideron marcar ruta por
medio de luces e unha grande algarabía de satisfa-
ción. Levárona á Prasa Maior da vila e alí xulgárona
pola súa conducta. Ó final foi condenada e pagou
as súas culpas sen ningún miracemento.